

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL E A XUNTA DE GALICIA EN MATERIA DE FORMACIÓN EN PATRIMONIO CULTURAL PARA O ANO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral Técnica formalizou co Consello Xeral do Poder Xudicial, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Xunta de Galicia, por medio da Escola Xudicial e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para a realización dun curso formativo relacionado co patrimonio histórico dirixido aos membros da carreira xudicial e extensivo ao persoal técnico da citada consellería.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Consello Xeral do Poder Xudicial consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para desenvolver o curso formativo relacionado co patrimonio cultural para o ano 2025*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

